

Devolución de sancións, recargos e intereses das declaracións de pensións do extranxeiro

2014-07-06

Na Reforma Fiscal que ten previsto aprobar o goberno para o 2015 prevese a posibilidade de que se devolvan as sancións, recargos e intereses que pagaron todos aqueles que presentaron declaracións da renta por pensións recibidas do extranxeiro, e isto poderá facerse con efecto retroactivo dende o ano 2008.

No proxecto de reforma fiscal establece un prazo de 6 meses para realizar estas devolucións, non sabendo aínda se terá que solicitarse polo interesado ou se se fara de oficio pola administración tributaria.

Polo tanto haberá que esperar a aprobación definitiva da Reforma Fiscal e a súa entrada en vigor para proceder a xestionar estas devolucións.

Asesoría Bieito S.L. informará e comunicará ós clientes que realizaron as declaracións nas nosas oficinas e informará de cal é o procedemento a seguir e o prazo aprobado